

## BASES ENTROIDO 2024

Con motivo da celebración do Entroido 2024, o Concello de Meis convoca un concurso de disfraces para nenos e maiores que se regulará baixo as seguintes bases:

1. Establécense os seguintes premios e categorías:

| CATEGORIAS                       | 1º PREMIO          | 2º PREMIO          | 3º PREMIO          |
|----------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
| GRUPOS DE ADULTOS                | 300€               | 200€               | 150€               |
| PARELLAS DE ADULTOS              | 120€               | 100€               | 80€                |
| INDIVIDUAL ADULTO                | 80€                | 60€                | 40€                |
|                                  |                    |                    |                    |
| GRUPOS INFANTIS                  | 200€               | 150€               | 100€               |
| PARELLAS INFANTIL                | 80€                | 60€                | 40€                |
| INDIVIDUAL INFANTIL DE 0-3 ANOS  | OBSEQUIO-VALE: 50€ | OBSEQUIO-VALE: 30€ | OBSEQUIO-VALE: 20€ |
| INDIVIDUAL INFANTIL DE 4-14 ANOS | 50€                | 30€                | 20€                |

2. O Concurso terá lugar o sábado 10 de febreiro, os/as participantes neste concurso formarán parte dun desfile que sairá ás 17:00 horas do Pavillón Municipal de Deportes para proceder ao desfile cara a Avenida de Cambados, subir por Rúa Rampa da Feira e finalizar o percorrido na Praza de España, onde se fallará o concurso e terá lugar a entrega de premios.(Só se valorará o desfile na rúa)
3. En caso de mal tempo anularase o desfile.
4. Os premios daranse a coñecer aproximadamente unha hora despois do remate do desfile na Praza de España (Campo da Feira) onde se entregaran os mesmos.
5. A inscrición será gratuíta e realizarase dende o día 5 de febreiro ata o día 9 febreiro en horario de 9:00 a 14:00 horas na Omix, e o sábado día



10 de febreiro en horario de 15.00 a 16:30 horas no Pavillón Municipal de Deportes.

O sábado día 10 de febreiro en horario de 16.30 a 17:00 horas, no Pavillón Municipal de Deportes, entregárase un dorsal co número asignado a cada participante que deberá mostrar no momento do desfile nun lugar visible.

6. Aqueles que participen cun vehículo, carroza ou artefacto de grandes dimensións, que precise ser remolcado por un vehículo de motor, deberán advertilo no momento da inscrición (que deberá ser necesariamente do 5 ao 9 de febreiro de 2024), aportando a seguinte documentación:
  - .- permiso de circulación do automóbil
  - .- seguro de responsabilidade civil do automóbil
  - .- permiso de conducir do condutor.
  - .- seguro do remolque (no seu caso)
7. O xurado estará composto por persoas alleas totalmente ó Concello, relacionadas co mundo da animación e da cultura.
8. O xurado non estará identificado como tal durante o desfile. Avaliará especialmente, entre outros aspectos, A MÚSICA, MELLOR ANIMACIÓN E O MÁIS CREATIVO.
9. O xurado e a organización resérvanse o dereito de declarar como “Deserta” algunha das categorías.
10. Considérase categoría de grupo aquel formado por un número de seis ou máis persoas cun disfraz conxunto.
11. En caso de grupos con membros que coincidan en categoría infantil e adulto serán incluídos na categoría que sume máis membros, respecto dunha ou outra categoría.
12. En caso de coincidencia nun grupo do mesmo número de membros de categoría infantil e adulto, poderán optar entre concursar nunha ou outra categoría.
13. Os compoñentes dun grupo nunca poderán facelo de forma individual e en parella.





CONCELLO  
DE  
**MEIS**

14. O Concello resérvase o dereito de captación de imaxes do desfile para fins de publicidade e promoción.
15. A participación no concurso implica a aceptación plena das bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.
16. Para máis información dirixirse ó propio concello no telf.: 986. 71 20 01 ou a OMIX no telf.: 986. 71 22 77

